



03Calidade e espazo europeo

Desde a Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea e dos servizos dependentes dela, a actividade desenvolvida seguiu os eixos marcados en anos anteriores, materializados en 2007 coa aprobación do Plano extratécnico.

A adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior segue a un ritmo axeitado. Un bo reflexo disto é a importante participación nas actividades de innovación que se consolidan e estabilizan na nosa Universidade. Nas convocatorias dos contratos programa e dos grupos departamentais de calidade, a numerosa participación acadada en número de centros, departamentos e institutos de investigación, profesores e PAS, revela a intensidade con que a UDC está á procura dun ensino de calidade desde todos os sectores da comunidade universitaria.

Do mesmo xeito que en anos anteriores, mantívose o nivel acadado na avaliación dos servizos, titulacións e profesorado. A Unidade Técnica de Calidade continuou o procedemento xa iniciado no ano pasado de avaliación dos novos programas oficiais de máster e doutoramento. A posta en marcha do programa FIDES-AUDIT, dirixido a apoiar a implantación nos centros dos novos títulos de grao, garantirá a verificación e posterior acreditación das novas titulacións.

Na mesma liña, as políticas de avaliación docente e formación do profesorado seguen a estar entre as de referencia na universidade española. Este ano levaróñse a cabo as actividades do Plano de apoio á xestión, ademais dos planos de apoio ao ensino e o plano de apoio ao aprendizaje. Deste xeito péchase o círculo para a mellora continua en todos os ámbitos da UDC.

Contratos-programa

A Universidade da Coruña fixo, por terceiro ano consecutivo, unha convocatoria de contratos-programa para o deseño estratéxico e a innovación na UDC. Por segunda vez puxéronse en marcha títulos oficiais de posgrao como parte do proceso de integración no EEES, ao tempo que se publicou o Plano estratéxico e se adoptaron iniciativas para mellorar o nivel tecnolóxico e educativo a través do uso das TIC. A necesidade de dar un apoio firme aos novos títulos, que terán que se impartiren con criterios ECTS, e de apoiar as accións da comunidade universitaria dirixidas a lograr o máximo nivel posible nos ámbitos docente e de xestión, levou a manter no esencial a orientación desta convocatoria para o curso 2007/2008.

	1. ^a convocatoria	2. ^a convocatoria	3. ^a convocatoria	TOTAL
Centros	17	27	25	6
Departamentos	11	-	15	26
Servizos	6	-	-	6
PDI	46	85	101	232
PAS	19	42	40	101
Total	103	154	181	438

Cadro 12 Contratos-programa en 2007

Grupos departamentais de calidade

Os grupos intra ou interdepartamentais de calidade teñen como finalidade o avance na conversión de materias ao sistema ECTS realizando as guías docentes

cos principios pedagóxicos en que se basean para o desenvolvemento das competencias correspondentes. Estes grupos representan a opción da Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea respecto da formación permanente do profesorado.

GDC	N.º de profesores	N.º de grupos
Convocatoria 2004	348	106
Convocatoria 2005	483	160
Convocatoria 2006	493	169
Convocatoria 2007	472	140

Cadro 13 Evolución dos grupos departamentais de calidade

CUFIE

O Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) da Universidade da Coruña desenvolve a súa actividade a través de tres unidades: a

Unidade de Ensino non Universitario, a Unidade de Formación e Asesoramento e a Unidade de Atención á Diversidade.

Formación e asesoramento

A Unidade de Formación e Asesoramento (UFA) seguiu a desenvolver os Planos de apoio ao ensino (PAE) e de apoio á aprendizaxe (PAA), o Plano de formación

inicial (PFI) e como novidade, puxo en marcha o Plano de apoio á xestión (PAX), orientado ao persoal de administración e servizos da universidade.

Programa	Cursos	N.º prazas
Plano de apoio ao ensino	16	400
Plano de formación inicial	18	65
Plano de apoio á aprendizaxe	11	330
Plano de apoio á xestión	5	150

Cadro 14 **Cursos de formación e asesoramento en 2007**

Programa	N.º de cursos
Programa de Metodoloxía Didáctica	6
Programa de Tecnoloxía Educativa	5
Programa de Saúde e Prevención de Riscos Laborais	2
Programa de ensino semipresencial e a distancia	3
Total de cursos	16

Cadro 15 **Programas do Plano de apoio ao ensino (PAE)**

Os dezaseis cursos sumaron 168 horas de formación. Recibíronse 904 solicitudes para participar nos diferentes cursos, en que se ofertaban un total de 400 prazas.

O PFI é un programa orientado cara á formación do profesorado novel na Universidade.

Programas	N.º de cursos
Programa de Contexto Socio-Institucional da UDC	2
Programa de Metodoloxía Educativa	7
Programa de Tecnoloxía Educativa	5
Programa de Saúde e Prevención de Riscos Laborais	4
Total de programas	18

Cadro 16 **Programas do Plano de formación inicial (PFI) en 2007**

En total, ofertáronse 18 cursos cursos, que sumaron 196 horas de formación e en que participaron 65 docentes.

- Plano de Apoio á Aprendizaxe (PAA)

Dentro do PAA, realizáronse 11 cursos, sumando un total de 110 horas de formación. Recibíronse 2377 preinscricións para as 330 prazas ofertadas e das cales se expediron finalmente 260 certificacións de asistencia.

- Plano de apoio á xestión (PAX)

O PAX é o programa de innovación deste curso académico e vai dirixido ao persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña. Realizáronse, polo tanto, 5 cursos, que suman un total de 100 horas de formación. Recibíronse 334 solicitudes para as 150

prazas ofertadas e das cales se expediron finalmente 111 certificacións de asistencia.

Curso de Aptitude Pedagóxica (CAP)

A Unidade de Ensino non Universitario seguiu coa organización e desenvolvemento do Curso de Aptitude Pedagóxica (CAP) e, ademais, cos primeiros pasos para poñer en marcha o proxecto “Mi UDC”.

O alumnado que realiza o CAP aumentou edición tras edición ata o ano 2003-2004 (876 matriculados). A partir do curso seguinte o volume de matriculados descende e prodúcese unha leve recuperación no ano 2006-2007 (684 alumnos matriculados) respecto ao 2005-2006 (667 alumnos matriculados).

Curso	A Coruña	Ferrol	Lic. CC. do Deporte	Total
1999-2000	255	69	0	324
2000-2001	511	75	39	625
2001-2002	499	121	65	685
2002-2003	526	107	101	734
2003-2004	627	128	117	876
2004-2005	571	143	75	789
2005-2006	474	101	73	667 (1)
2006-2007	465	112	73	684 (2)
2007-2008	434	76	64	605 (3)

(1) Neste curso non houbo CAP na modalidade intensiva en Ferrol, nin CAP adaptado para os licenciados en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

(2) Contabilízase tamén o alumnado con validacións e matriculado en anos anteriores que se volve matricular en 2006-2007.

(3) Contabilízase tamén o alumnado con validacións e matriculados en anos anteriores que se volve matricular no 2007-2008.

Cadro 17 Evolución do alumnado do CAP

Atención á diversidade

A Unidade Universitaria de Atención á Diversidade (ADI) creouse en febreiro de 2004 para atender os membros da comunidade universitaria da Coruña con necesidades especiais derivadas da discapacidade ou doutras formas de diferenza fronte á poboación maio-

ritaria. Entre as actuacións máis salientables desta unidade cómpre salientar o Proxecto EIPAA, en que se investigan e promoven medidas como a eliminación de barreiras, a consecución da exención das taxas de matrícula para o alumnado que presente algún grao de discapacidade, así como o desenvolvemento de convenios con distintos organismos e ONGs.

Curso	Alumnado
2004-2005	4
2005-2006	--
2006-2007	60

Cadro 18 Evolución do alumnado de Atención á Diversidade

Aula de Formación Informática

Preto de mil alumnos e alumnas se formaron nos distintos cursos (autocad, deseño web, Linux, SQL, follas de

cálculo, etcétera), organizados nos campus da Coruña e de Ferrol pola Aula de Formación Informática (AFI).

	A Coruña	Ferrol	Total
Número de cursos	25	8	33
Número alumnos/as	852	87	939
Número profesores/as	26	7	33


Cadro 19 **Actividade da Aula de Formación Informática en 2006-2007**

Avaliación docente


A Comisión de Formación e Asesoramento, responsable da Avaliación Docente da UDC, tomou parte activa na elaboración do Manual do Programa Docencia (Programa de apoio á avaliación da actividade docente) da UDC, unha vez que a Universidade da Coruña participou na convocatoria da ACSUG para levar a cabo unha experiencia piloto no sistema uni-

versitario galego, en colaboración coa ANECA, antes da implantación definitiva do sistema.

Practicamente toda a actividade que se fai arredor da avaliación docente reflíctese no seu portal www.udc.es/avaliemos.



Cadro 20 Participación do alumnado na avaliación docente por centros (2006-2007)



Cadro 21 Participación do profesorado na avaliación docente por centros (2006-2007)

Curso	Participantes	Porcentaxe
2003-2004	2.669	11,60
2004-2005	4.291	17,90
2005-2006	4.070	17,72
2006-2007	3.889	17,72

Cadro 22 Evolución da participación do alumnado na avaliación docente

Curso	Participantes	Porcentaxe
2003-2004	557	44,40
2004-2005	552	38,30
2005-2006	549	40,10
2006-2007	572	41,15

Cadro 23 Evolución da participación do profesorado na avaliación docente

Unidade Técnica de Calidade

Programas oficiais de posgrao avaliados	10
Avaliación de servizos	12
Avaliación de laboratorios	3
Programa FIDES-AUDIT	100% centros
Cursos de formación	3
Publicacións	3

Cadro 24 Actividade xeral da UTC en 2006-2007

Másters non interuniversitarios	4
Másters interuniversitarios	5
Doutoramentos non interuniversitarios	1
Doutoramentos interuniversitarios	2
Doutoramentos interuniversitarios de POP de anos anteriores	1

Cadro 25 **Programas oficiais de posgrao avaliados pola UTC**

- Programa FIDES

O obxectivo do programa FIDES da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (AC-SUG) é apoiar os centros das universidades galegas no deseño e na execución dun modo sistemático de procedementos de garantía de calidade. Fíxose unha convocatoria, en que participaron todos os centros da UDC, en xuño.

- Servizos

- Rematan a súa avaliación, polo modelo EFQM, 3 servizos desta universidade: Servizo de Intervención, Servizo de Xestión Financeira e Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social.
- No mes de decembro a entidade externa SGS ICS IBERICA realizou a auditoría de certificación pola norma UNE-EN-ISO 9001:2000 dos seguintes servizos: Servizos de Apoio á Investigación (SAI), Centro de Innovación Tecnolóxica (CIT) e Centro da Investigación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC). O resultado foi positivo.
- En novembro, a entidade externa SGS ICS Ibérica realizou a auditoría de seguimento en 8 servizos dos 11 que obtiveron a certificación no ano 2005. Estes son: Unidade Técnica de Calida-

de, Títulos e Xestión Académica, Terceiro Ciclo, Asuntos Xerais, Oficina de Relacións Internacionais (ORI), Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV), Extensión Universitaria e Lugar de Entrega e Recollida de Información – LERD.

- A Comisión de Garantía de Calidade da Universidade aprobou a carta de servizo da Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación-OTRI.
- Púxose en marcha a elaboración da planificación estratéxica de todos os centros, departamentos, institutos universitarios e servizos que cubrirá o período 2007-2010. Para isto a UTC elabora unha guía que serve de instrumento homoxeneizador da metodoloxía para elaborar o plano estratéxico, así como de elemento esclarecedor da terminoloxía que se vai utilizar.
- A través da caixa de suxestións da Universidade, que xestiona a UTC, recóllense as preguntas, as suxestións, as queixas e as felicitacións que envían os diferentes colectivos da Universidade. En 2007 recolléronse un total de 1.029 observacións.
- Impartíronse tres cursos de planificación estratéxica e editáronse tres publicacións: *Guía para a planificación estratéxica*, *Quen fai que?* e *Xornada de acollida ao alumnado*.